

## **Circular Comisión Xestora- Competicións - 5 de setembro de 2022**

### **Asunto.- Convocatoria solicitudes Organización de Probas Calendario oficial**

#### **A TÓDOLOS CLUBS E ORGANIZADORES DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON MODERNO**

A Federación Galega de Tríatlón e Péntatlón Moderno abre o prazo para a presentación de solicitudes de organización de probas tanto de tríatlón coma de péntatlón moderno, para a próxima tempada, co fin de poder traballar no desenvolvemento do calendario 2023 e o que resta de 2022 (especialmente en relación ao Nada e Corre), que se aprobarán provisionalmente pola Comisión Delegada ata a constitución da nova Asemblea Xeral en quen recae estatutariamente a potestade para designar e aprobar o calendario oficial.

A DGT manterá coma cada ano os prazos de comunicación das probas afectadas polos permisos de tráfico. O primeiro prazo para dar prioridade a estas probas sobre outras modalidades ou eventos non oficiais calendadas, especialmente aquelas que poidan ter previsión de celebración antes de finais de marzo de 2023 remataría no mes de outubro.

En relación ao anterior animámosvos a facer previsión de datas de celebración daquelas probas que poidades ter previstas, aínda sabendo que nalgúns casos a súa celebración dependerá de acordos que se irán pechando máis preto do seu desenvolvemento.

Si pedimos o compromiso dos organizadores de comunicar a cancelación das probas que se calendaricen coa antelación suficiente, ao menos de un mes, de cara a ter marxe de manobra para tratar de conseguir levar as probas de circuío ou cptos. galegos a outra sede.

#### **Recepción de solicitudes: ata o 3 de outubro de 2022**

A solicitude deberá enviarse a [info@fegatri.org](mailto:info@fegatri.org) e virá acompañada dun pequeno proxecto que debe perfilar os aspectos básicos que se detallan a continuación, especialmente no caso de novas probas, para poder traballar sobre o mesmo coordinadamente.

Na medida en que se traballa a longo prazo sabemos que en serán previsións que despois se deberán concretar cos delegados e delegadas técnicos das probas, e que seguramente sufran tamén variacións por diversas cuestións secundarias, pero é importante ter unha descrición previa destes puntos, para poder dar apoio á organización que así o precise.

## DATOS BÁSICOS DO PROXECTO DE SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE PROBAS

– Formulario de comunicación calendario cuberta cos datos da proba (xúntase a ligazón de descarga a continuación)

FICHA/FORMULARIO CALENDARIO (só para probas con influencia de permisos de tráfico)

### **\*Datos para Probas con antecedente (solicitarase o proxecto de cambios para a posta en marcha).**

Datos:

- Nome da proba
- Tipo -(Circuíto/Cpto Autonómico/Popular).
- Dúas datas posibles e localización.
- Organizador, datos e persoa de contacto.
- Director de Carreira/Responsable (nome, teléfono, email).
- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Ficha de tráfico cuberta (de afectar permisos da DGT).
- Distancias
- Observacións: indicar previsión cambios de localización ou circuítos respecto á edición anterior.

### **\*Probas que se organicen por primeira vez xuntarán ao proxecto o engadido ademais os seguintes datos:**

– Organizador (É preciso tramitar licenza de club-organizador 2023 de triatlon, ou coorganizala con algún organizador con licenza).

- Compromiso ou Convenio asinado de coorganización de Administración Pública de Referencia.
- Dirección Executiva e Dirección de carreira
- Datos e persoa de contacto.
- Data, hora e lugar. (se é posible dúas alternativas para tentar cadrar previamente dende competición un calendario onde non se prexudiquen)
- Número de carreiras-saídas, se houberse máis dunha.
- Distancias
- Planos dos circuítos con tódalas áreas (Saída, transición, meta, áreas de penalización,...).
- Sistema de Cronometraxe
- Premios
- Categorias
- Servizos- (duchas e vestiarios, megafonía e locución, infraestruturas en xeral...)
- Seguros- Propios (indicar de selo caso. Serán revisados polo DT) ou xestionados a través da Fegatri.
- Servizos médicos e plan de seguridade e evacuación.
- Vehículos. Control dos sectores de carreira
- Avituallamentos.
- Voluntariado